

1 CSS para táboas

Para controlar a presentación das táboas temos as seguintes propiedades: *caption-side*, *table-layout*, *border-collapse*, *border-spacing*, *empty-cells* e *display*.

1.1 Sumario

- 1 Caption con CSS
- 2 Celas baleiras
- 3 Bordes separados ou unidos: *border-collapse*
- 4 Separación de celas contiguas con *border-spacing*
- 5 Definir o modo no que o navegador debuxa a táboa con *table-layout*
- 6 Exemplo de configuración completa dos estilos dunha táboa
- 7 Enlaces interesantes

1.2 Caption con CSS

Para indicar onde se pon o título da táboa empregamos a propiedade *caption-side*.

```
table caption {caption-side: bottom; }
```

- Pode ter os valores: *top*, *bottom*, *left* e *right*.
- A recomendación CSS2.1 recolle a posibilidade de desprazar o contido da etiqueta *caption* á esquerda ou dereita con *text-align*, pero sempre manténdose encima ou debaixo da táboa.

1.3 Celas baleiras

- Por defecto unha táboa HTML non debuxa as celas que están baleiras.
- Isto soluciónase poñendo no seu interior ** **.
- Con CSS pódese solucionar:

```
table {empty-cells: show; >
```

- Os valores que admite son *show*, e así debuxaranse os bordes e fondos como nas celas normais; *hide* e así os bordes ou fondos non se debuxarán ao redor/detrás das celas baleiras; ou *inherit*.

1.4 Bordes separados ou unidos: *border-collapse*

En CSS hai dous modos de traballar cós bordes das táboas: separados e xuntos. No modelo "separado", os bordes sitúanse ao redor de celas individuais, mentres que no modelo "xunto" as celas comparten bordes.

Coa propiedade *border-collapse* elixiremos un dos dous:

- Os bordes que rodean as celas están separados entre si:

```
table {  
  /* Para que os bordes aparezan */  
  border:#000 solid thin;  
  /* Bordes separados */  
  border-collapse: separate;  
}
```

- Os bordes "colapsan" e se fan un:

```
table {  
  /* Para que os bordes aparezan */  
  border:#000 solid thin;  
  /* Bordes xuntos */  
  border-collapse: collapse;  
}
```

1.5 Separación de celas contiguas con *border-spacing*

Os valores para *border-spacing* son dúas medidas de lonxitude. O valor de espaciado horizontal vai en primeiro lugar e o valor vertical vai en segundo lugar. Cun valor só, configúrase o mesmo para horizontal e para vertical.

```
table{
/* Para que os bordes aparezan */
border:#000 solid thin;
/* Bordes separados */
border-collapse: separate;
/* Configuración da separación dos bordes */
border-spacing: 0.5em 1em;
}
```

- Como esta propiedade non ten bo soporte para o IE6, normalmente séguese a empregar a propiedade (X)HTML *cellspacing*.

1.6 Definir o modo no que o navegador debuxa a táboa con *table-layout*

O navegador pode "debuxar" unha táboa con un dos dous sistemas posibles:

- Pode fiarse das medidas indicadas no código fonte e debuxala en consecuencia: ***table-layout:fixed***.
- Ou ben pode ler o contido da táboa e calcular o deseño en base a este contido: ***table-layout:auto***.

Se non se especifica o valor desta propiedade, o sistema por defecto é *auto*, aínda que *fixed* é mais rápido.

1.7 Exemplo de configuración completa dos estilos dunha táboa

O primeiro é comezar creando unha táboa axeitada en (X)HTML.

Planeta	Distancia dende a Terra	Web
Venus	108 Millóns de Kilómetros	Web Venus
Saturno	1.281 Millóns de Kilómetros	Web Saturno
Urano	2.720 Millóns de Kilómetros	Web Urano
Neptuno	4.504 Millóns de Kilómetros	Web Neptuno
Astronomía IES San Clemente		

Planeta	Distancia dende a Terra	Web
Venus	108 Millóns de Kilómetros	Web Venus
Saturno	1.281 Millóns de Kilómetros	Web Saturno
Urano	2.720 Millóns de Kilómetros	Web Urano
Neptuno	4.504 Millóns de Kilómetros	Web Neptuno
Astronomía IES San Clemente		

Tendo en conta a aparencia da táboa inicialmente (**¡¡Olló!!**: A táboa inicial ten a propiedade ***border="1"*** para que se vexa a súa estrutura) e a aparencia ao final, vemos que precisamos, ademais de crear a táboa "básica", debemos introducir as etiquetas *caption*, *thead*, *tfoot*, *tbody* e, ademais, introducir unha clase que me diferencie as filas impares que chamaremos, por exemplo, *fimpar*. O resultado do código html que precisamos será algo así:

```
<table>
<caption>Distancias planetarias</caption>
<thead>
<tr>
<th>Planeta</th>
<th>Distancia dende a Terra</th>
<th>Web</th>
</tr>
</thead>

<tfoot>
<tr>
<td colspan="3">Astronomía IES San Clemente</td>
</tr>
</tfoot>

<tbody>
```

```

<tr class="fimpar">
  <td>Venus</td>
  <td>108 Millóns de Kilómetros</td>
  <td>
    <a href="http://es.wikipedia.org/wiki/Venus_(planeta)">Web Venus</a>
  </td>
</tr>
<tr>
  <td>Saturno</td>
  <td>1.281 Millóns de Kilómetros</td>
  <td>
    <a href="http://es.wikipedia.org/wiki/Saturno_(planeta)">Web Saturno</a>
  </td>
</tr>
<tr class="fimpar">
  <td>Urano</td>
  <td>2.720 Millóns de Kilómetros</td>
  <td>
    <a href="http://es.wikipedia.org/wiki/Urano_(planeta)">Web Urano</a>
  </td>
</tr>
<tr>
  <td>Neptuno</td>
  <td>4.504 Millóns de Kilómetros</td>
  <td>
    <a href="http://es.wikipedia.org/wiki/Neptuno_(planeta)">Web Neptuno</a>
  </td>
</tr>
</tbody>
</table>

```

- Primeiramente configuramos o estilo e a cor do borde da táboa en si, facemos que os bordes de todas as celas colapsen, configúrase o tipo de letra de toda a táboa en xeral e a cor do fondo.

```

table {
  border-collapse: collapse;
  border: 1px solid #03476F;
  font: normal 11px verdana, arial, helvetica, sans-serif;
  color: #363636;
  background: #92C428;
}

```

- O seguinte é configurar o "caption" da táboa:

```

caption {
  text-align: center;
  font: bold 14px arial, helvetica, sans-serif;
  background: transparent;
  padding: 6px 4px 8px 0px;
  color: #03476F;
  text-transform: uppercase;
}

```

- Facemos unha configuración xeral de todas as celas, tanto as nomeadas como *td* como *th*:

```

td, th {
  border: 1px dotted #03476F;
  padding: .4em;
  color: #363636;
}

```

- Agora configuramos todo o relacionado coas celas pertencentes ao encabezamento (*thead th*) e coas celas pertencentes ao pé (*tfoot td*):

```

thead th {
  font: bold 11px verdana, arial, helvetica, sans-serif;
  border: 1px solid #03476F;
  text-align: left;
  background: #4591AD;
  color: #FFFFFF;
  padding-top: 3px;
}

```

```
tfoot td {
  border: 1px solid #03476F;
  text-align:center;
  background: #4591AD;
  padding-top:3px;
  color: #FFFFFF;
}
```

- Aliñamos vertical e horizontalmente o texto das celas *td* pertencentes a *tbody*:

```
tbody td {
  vertical-align: top;
  text-align: left;
}
```

- Facemos que as filas de clase *fimpar* teñan unha cor de fondo distinta:

```
tr.fimpar {
  background: #AEE239;
}
```

- Facemos que, cando se pase o rato por riba das celas pertencentes a *tbody* estas cambien de aparencia:

```
tbody tr:hover {
  background: #FFD800;
  border: 1px solid #03476F;
  color: #FFF;
}
```

- Por último, cambiamos como mostra os enlaces o navegador:

```
tbody td a:link, tbody td a:visited {
  background: transparent;
  text-decoration: none;
  color: #363636;
}
tbody td a:hover, tbody td a:active {
  background: #C2F64D;
  color: #363636;
}
```

- **Xa estaría rematada a configuración do estilo desta táboa, quedando así o estilo completo do seguinte xeito:**

```
table {
  border-collapse: collapse;
  border: 1px solid #03476F;
  font: normal 11px verdana, arial, helvetica, sans-serif;
  color: #363636;
  background: #92C428;
}
caption {
  text-align: center;
  font: bold 14px arial, helvetica, sans-serif;
  background: transparent;
  padding:6px 4px 8px 0px;
  color: #03476F;
  text-transform: uppercase;
}
td, th {
  border: 1px dotted #03476F;
  padding: .4em;
  color: #363636;
}
thead th {
  font: bold 11px verdana, arial, helvetica, sans-serif;
  border: 1px solid #03476F;;
  text-align: left;
  background: #4591AD;
  color: #FFFFFF;
```

```
padding-top:3px;
}
tfoot td {
border: 1px solid #03476F;
text-align:center;
background: #4591AD;
padding-top:3px;
color: #FFFFFF;
}
tbody td {
vertical-align: top;
text-align: left;
}
tr.fimpar {
background: #AEE239;
}
tbody tr:hover {
background: #FFD800;
border: 1px solid #03476F;
color: #FFFFFF;
}
tbody td a:link, tbody td a:visited {
background: transparent;
text-decoration: none;
color: #363636;
}
tbody td a:hover, tbody td a:active {
background: #C2F64D;
color: #363636;
}
```

1.8 Enlaces interesantes

- [Galería de táboas](#)

--Manuel Vieites e --Rafael Veiga feb 2008